



PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO

CURSO 2024/25

Normativa reguladora: ORDE do 21 de outubro de 2022 (publicada no DOG do 8 de novembro de 2022) e Decreto 13/2022, do 3 de febreiro (publicado DOG núm. 212, do 8 de novembro).

Prazo de presentación das solicitudes de admisión: do 1 ao 20 de marzo

Postos escolares ofertados:

1º Educación Secundaria Obrigatoria: 24

2º Educación Secundaria Obrigatoria: 0

3º Educación Secundaria Obrigatoria: 4

4º Educación Secundaria Obrigatoria: 13

1º Bacharelato Ciencias: 10

1º Bacharelato Humanidades e Ciencias Sociais: 0

2º Bacharelato Ciencias: 17

2º Bacharelato Humanidades e Ciencias Sociais: 11

Nota informativa

1º. Todo o alumnado incluído no ámbito desta orde poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata seis (6) centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar.

Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.



2º. O alumnado que teña prioridade para continuar estudos nun centro de adscrición pode exercer o seu dereito á reserva de praza presentando solicitude de reserva no centro adscrito, isto é, no que está matriculado nese momento, e identificará o centro de adscrición que solicita.

3º. En todo caso, a solicitude de reserva ou de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela. A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8.

Centros adscritos: CEIP Manuel Padín Truiteiro e CEIP Ponte Sampaio.

Área de influencia do centro en cada unha das ensinanzas impartidas:

- IES de Ponte Caldelas
- CPI Curros Enríquez (Pazos de Borbén)
- IES Mendiño (Redondela)
- CPI do Toural (Vilaboa)
- IES Torrente Ballester (Pontevedra)

Áreas limítrofes:

- Os concellos de:
 - o Pontevedra
 - o Ponte Caldelas
 - o Vilaboa
 - o Redondela
 - o Pazos de Borbén
 - o Fornelos de Montes

Servizos complementarios: transporte escolar, regulado pola instrucción para a xestión do transporte escolar para este curso.